



## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 9 de xullo de 2013

### Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 09/07/2013.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 09/07/2013.
- III. Memoria do Plan de Acción Titorial para o curso 2013-2014.
- IV. Tribunais Extraordinarios para o curso 2013-2014 na titulación de Enxeñaría de Minas.
- V. Guías docentes das titulacións de Grao impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.
- VI. Guías docentes básicas do Master en Teconoloxía Medioambiental para o curso académico 2013-2014.

Ábrese a sesión ás 10 horas, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrío, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 19 de xuño de 2013.**

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 19 de xuño de 2013.

Unha vez aprobada será posta na nova sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro.

### **2. Informe do Director.**

O director informa sobre:

- ❖ A Comisión Delegada da Xunta de Escola para a elaboración da proposta de Mestrado vinculado á profesión regulada de Enxeñaría de Minas coordinada pola Profesora Elena Alonso fixo pública a semana pasada o acordo no que figura a denominación formal, as competencias, os créditos ECTS e o tipo das materias que compoñen o Plan de Estudos. Esa información, como é habitual, foi publicada na sección de DESCARGAS DE DOCUMENTOS DE ACCESO RESTRINXIDO (Usuario e Contraseña: descargas) e na nova sección de acceso libre DESCARGAS DE ACTAS E GASTOS. En breve estará a disposición da comunidade da escola a Memoria Provisional.



- ❖ Nesta nova sección de acceso libre da web DESCARGAS DE ACTAS E GASTOS están visibles xa os gastos do centro realizados no primeiro semestre do 2013. A Dirección agradece a anterior Dirección o permiso para publicitar os mesmos correspondentes ao período anterior a nosa toma de posesión. A sección de DESCARGAS DE DOCUMENTOS DE ACCESO RESTRINXIDO (Usuario e Contraseña: descargas) quedará relegada para necesidades puntuais.
- ❖ Distribuíuse entre a comunidade da ETSEM os comunicados sobre a importancia da minaría para a Sociedade do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia e do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste que apareceron tamén tempo publicados na prensa.
- ❖ Dentro da campaña de difusión da oferta formativa do centro, contratáronse un banner nas edicións dixitais do Faro de Vigo e A Opinión da Coruña. Tamén creouse una entrada en Wikipedia coa información detallada do centro, calquera suxestión de modificación ou ampliación de contidos pode enviarse ao Subdirector David Patiño, responsable da mesma.
- ❖ A Dirección púxose en contacto coa Dirección da EEI para concretar unha reunión a fin de coñecer oficialmente o resultado do punto do orde do día da súa Xunta de Escola do pasado 11 de Xuño “Toma de decisións sobre a xestión conxunta do Grao en Enxeñaría da Enerxía ca Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas. Aprobación se procede”. A Dirección está a espera de recibir una proposta para esa reunión.
- ❖ Recibíronse da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade os Informes de revisión interna dos Títulos do Centro. Cualifican como Conforme todos os títulos que se impartirán no curso 2013-2014: Grao en Enxeñaría da Enerxía, Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Mestrado en Tecnoloxías Medio ambientais.
- ❖ Recibiuse da ACSUG o Informe de seguimento do título do Mestrado en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel coa cualificación definitiva de Conforme.
- ❖ Logo dun acordo da Comisión do Mestrado en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel este vai fusionarse co Mestrado en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais da Facultade de Historia de Ourense. En Xunta de Escola de ese centro do 8 de Xullo aprobouse a creación da comisión encargada de dita fusión.
- ❖ A revisión do Contrato Programa asinado pola ETS de Enxeñaría de Minas e que serve para determinar o orzamento do seu centro no exercicio 2013 supuxo un incremento adicional no presuposto aprobado pola Xunta de Escola de 440,68€.



- ❖ O Venres día 12 de Xullo celebrárase o Acto de Graduación dos titulados (Enxeñaría de Minas y Mestrados) a partir das 7 da tarde no paraninfo da ALCALDÍA do Concello Vigo, situado no antigo Reitorado. Eliximos este espazo por comodidade e pensando en vincular á Escola coa súa cidade. Recibirán diplomas uns 40-50 alumnos e daremos un recoñecemento a catro profesores do centro que se xubilan este curso: Enrique Orche García, Alejandro Argüelles Díaz, Enrique Porto Arceo e Eusebio Vázquez Alfaya. A lección maxistral será impartida por Don Roberto González Philippon sobre o "Proxecto de rehabilitación medioambiental da mina de Lignitos de Meirama, S.A". Contaremos coa presenza xa confirmada do Vicerreitor de Transferencia de Coñecemento da Universidade de Vigo, José Antonio Vilán. O Reitor escusou a súa asistencia por problemas de axenda. Asistirá Don Juan José Fernández Díaz-Decano-Presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste de España, Dna. María José Mijares Coto, Subdirectora Xeral de Recursos Minerais da Xunta de Galicia a entendemos que tamén alguén do Concello de Vigo. Foron enviadas ás invitacións e rógase confirmar asistencia no Negociado do centro.
- ❖ Vaise proceder ao mantemento dos Laboratorios de Informática do centro co que en breve solicitarase ao profesorado o listado de programas que actualmente están sendo utilizados para que os bolseiros procedan con tempo a súa instalación.
- ❖ Vaise proceder a creación dun espazo na web do centro onde figuren os datos actualizados do profesorado do centro (materias, ubicación, titorias, etc).
- ❖ Solicitouse á Unidade Técnica o traslado das taquillas do alumnado desde o vestíbulo de conexión coa EEI aos pasillos das aulas. O Servizo de Arquitectura aprobou ese cambio.
- ❖ Recibiuse no centro a comunicación da asignación do equipamento de laboratorios docentes para o curso 2013. Esa asignación pode ser empregada para adquisición de material docente inventariable e programas para os laboratorios de informática. O importe total é de 24258,78€. Nesa cantidade entendemos que o 20% ven directamente ao centro como axuda uniforme común aos centros da Universidade de Vigo e o 80% polo número específico de alumnado dos títulos adscritos á escola ponderados por un coeficiente que depende do contido práctico experimental dos estudos (de 1 a 12). Proporemos que os coordinadores das áreas envíen á dirección do centro unha proposta da previsión do gasto da área para manter funcionando as prácticas actuais no curso 2013-2014, así como propostas para a realización de novas prácticas. Para elo utilizarase o Procedemento para a Xestión dos recursos materiais (IT01-PA07) empregando o formulario Ficha de solicitude para dotación de recursos con xustificación (IT02-PA07). Ambos parte da documentación do SGIC, e aprobados no seu día en Xunta de Escola e que serán enviados en breve desde o Negociado, para poder aprobar si é posible na próxima Xunta de Escola a aprobación do gasto.



### **3. Aprobación, se procede, da memoria do Plan de Acción tutorial para o curso 2013-2014.**

Envíase por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola a memoria do Plan de Acción Tutorial. Toma a palabra Coordinadora do PAT, Profesora Ángeles Saavedra para expoñer al liñas máis relevantes.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a memoria do Plan de Acción Tutorial para o curso 2013-2014.

Achégase como ANEXO III a esta acta, a memoria do Plan de Acción Tutorial para o curso 2013-2014.

### **4. Aprobación, se procede, dos programas das materias de 5º curso de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.**

Envíase por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola o enlace das materias correspondentes a quinto curso.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os programas entregados. Faltan por entregar os programas das materias XESTIÓN AMBIENTAL e TECNOLOXÍA DO MEDIO AMBIENTE, que serán reclamados ao Departamento responsable.

### **5. Aprobación, se procede, dos Tribunais Extraordinarios da titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.**

Enviáronse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola os tribunais extraordinarios das materias correspondentes aos cursos segundo, terceiro, cuarto e quinto da titulación a extinguir.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a composición dos Tribunais Extraordinarios para o curso 2013-2014 na titulación de Enxeñaría de Minas.

Achégase como ANEXO IV a esta acta os Tribunais Extraordinarios para o curso 2013-2014 na titulación de Enxeñaría de Minas.

### **6. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións de Grao impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.**

Enviáronse as Guías docentes básicas dos Graos do centro dende a coordinación da profesora Carmen Pérez e do Profesor David Patiño.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar as guías docentes das titulacións de Grao impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.



Achéganse como ANEXO V a esta acta as guías docentes das titulacións de Grao impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.

Aínda que non é obrigatorio, rógase ao profesorado que no futuro prepare con antelación suficiente a información necesaria nos idiomas que permite a aplicación.

## **7. Aprobación, se procede, das guías docentes do Master en Tecnoloxía Medioambiental para o curso 2013-2014.**

Enviáronse as Guías docentes básicas deste mestrado dende a coordinación do Profesor Javier Taboada.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar as Guías docentes básicas do Master en Teconoloxía Medioambiental.

Achégase como ANEXO VI a esta acta as Guías docentes básicas do Master en Teconoloxía Medioambiental para o curso académico 2013-2014.

## **8. Aprobación, se procede, da modificación puntual do calendario de exames da titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.**

Propónse modificación puntual do calendario de exames que afecta á convocatoria de outubro de 2013, no que se modifica a data/hora das materias TECNOLOXÍA QUÍMICA e PROSPECCIÓN I, pasando PROSPECCIÓN I ao 15 de Outubro ás 15:00 horas e TECNOLOXÍA QUÍMICA o 15 de Outubro ás 18:00.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar dita modificación.

## **9. Aprobación, se procede, da modificación puntual do Regulamento de Traballo Fin de Grao na E.T.S.E. de Minas.**

A modificación puntual do Regulamento de Traballo Fin de Grao, responde a unha suxestión da Asesoría Xurídica desta Universidade na redacción do Artigo 30.

ONDE DI: aos efectos da propiedade intelectual son coautores do TFG o alumnado que o realizou e o profesorado que figure na dirección do TFG.

DEBE DECIR: aos efectos da propiedade intelectual son coautores dos dereitos derivados do TFG o alumnado que o realizou e o profesorado que figure na dirección do TFG.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a citada modificación do artigo 30 do Traballo Fin de Grao.



## 10. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

A Comisión de Garantía de Calidade do centro aprobou os seguintes novos procedementos revisados do SGIC que substitúen a diversos procedementos os iniciais:

- DO-0101 Deseño, Autorización y Verificación de Titulacións
- DO-0102 Seguimento e Mellora das Titulacións
- DO-0103 Suspensión e Extinción dunha Titulación
- DO-0201 Planificación e Desenrolo do Ensino
- DO-0202 Promoción das Titulacións
- DO-0203 Orientación ao Estudante
- DO-0204 Xestión Prácticas Académicas Externas
- DO-0205 Xestión da Mobilidade
- DO-0301 Información Pública e Rendición de Contas
- XD-01 Control dos documentos
- XD-02 Control dos Rexistros

Foron supervisados por o Área de Calidade da Universidade de Vigo e enviados por correo electrónico. O enlace a estes documentos pode atoparse no apartado de CALIDADE e DESCARGAS DOCUMENTOS DE ACCESO LIBRE da web do centro

Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os procedementos/documentos reseñados neste punto.

## 11. Rogos e preguntas.

O alumno Jaime García Iglesias solicita a climatización das aulas. A Dirección responde que na reunión co Arquitecto da Unidade Técnica de fai tres semanas volveuse a reclamar esa actuación. Tamén recomendase que se fagan aquelas reclamacións por escrito que sexan necesarias.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a nove de xullo de dous mil trece.

Vº e Prace  
O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrío

Natalia Caparrini Marín



## ANEXO I

### Convocatoria de Xunta de Escola do 09/07/2013



## **ANEXO II**

**Asistentes á Xunta de Escola do 9/07/2013**





## Asistentes Xunta de Escola ordinaria 09/07/2013

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Álvarez Vázquez, Lino José
6.	Cabeza Simó, Marta
7.	Carrillo González, Camilo José
8.	Eguía Oller, Pablo
9.	González Rodríguez, Elena
10.	Izquierdo Pazó, Milagros
11.	Lanaja del Busto, José M <sup>a</sup>
12.	Liz Marzán, Eduardo
13.	Mandado Vázquez, Alfonso M.
14.	Orche García, Enrique
15.	Patiño Vilas, David
16.	Pérez Pérez, M <sup>a</sup> Carmen
17.	Saavedra González, Ángeles
18.	Taboada Castro, Javier
19.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Casal Echevarría, Alexandre
2.	Castro Filgueira, Uxía
3.	Faro Malvar, Diego
4.	García Iglesias, Jaime
5.	González Bello, Marcos
6.	Juncal Rosales, Mariola
7.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
8.	Puga Alonso, Javier
9.	Veleiro Pinal, Iván
10.	Vidal Fontenla, Alejandro
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen
<b>Total membros Xunta de Escola :</b>	<b>51</b>
<b>Asistentes</b>	<b>30</b>

Escusan a súa asistencia:

- Don Fernando García Bastante



### ANEXO III

#### **Memoria do Plan de Acción Titorial para o curso 2013-2014.**



## ANEXO IV

### **Tribunais Extraordinarios para o curso 2013-2014 na titulación de Enxeñaría de Minas.**



## ANEXO V

**Guías docentes das titulacións de Grao impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de  
Minas para o curso 2013-2014.**



## ANEXO VI

### **Guías docentes básicas do Master en Teconoloxía Medioambiental para o curso académico 2013-2014.**